


O Concello lanza a segunda edición de *Urco, unha historia reciclada*, tras a adopción de 294 animais

[Redacción](#) abril 2, 2025



O éxito da campaña municipal de concienciación sobre a tenza responsable de animais “Adóptame en Vigo”, con 294 cans e gatos acollidos en 2024, determinou ao Concello a publicar a segunda edición do libro “Urco unha historia reciclada” en coincidencia co Día Internacional do Libro Infantil

O Concello lanza este mércores a nova campaña de acollemento responsable de animais coa publicación dunha nova edición do libro “Urco, unha historia reciclada”, que se achegará a todos os centros escolares da cidade, aos centros veterinarios e ás persoas que adoptaron a un animal no Centro de Protección da Madroa.

O Concello editou 3.000 exemplares da obra baseada na historia real dun can abandonado chamado Urco.

Escrito por Soledad García Rivero e ilustrado por Ángela Costas, o libro contén, ademais de distintas actividades, un código QR onde se poden contemplar en tempo real todos os animais que se atopan no centro da Madroa.

O eixo central do libro é transmitir a mensaxe sobre a adopción responsable e a sustentabilidade, e o compromiso do Concello co benestar animal e a educación ambiental na cidade.